

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente de 3 de maio de 2004

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucia Molaes Pérez
D. Antonio Coello Bufill
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D. Javier Jorge Guerra Fernández
D^a. Soledad Polo Lima
D. José Manuel Couto Pérez
D. Carlos Comesaña Abalde

NON ASISTEN:

D. José Manuel Iglesias Carrera
D. José Manuel Couto Pérez

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e dez minutos do día tres de maio de dous mil catro e baixo a presidencia da Ilma. Sra. Alcaldesa, D^a. Corina Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados e do titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Manuel Xosé Lorenzo Penela, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molaes Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa. Esta presente, por invitación, a interventora Da. Berta Guarner González.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(539).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno ratifica a urxencia da sesión.

2(540).- REMISIÓN Á XUNTA DE GALICIA DO PROXECTO DE REVISIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL.

Seguidamente dáse conta da proposta do concelleiro delegado de Urbanismo, de 3.05.04, que di como se transcribe:

Rematada a fase de elaboración do proxecto de revisión do Plan Xeral de Ordenación municipal, de acordo co que sinalan os artigos 85.1 e 93.4 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (en relación co procedemento de aprobación do plan

xeral e a súa alteración) e o artigo 127.1.c) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local (en relación coa competencia para a aprobación dos proxectos de instrumentos de ordenación urbanística), propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Quedar enterados da formulación da revisión do PXOM efectuada polo equipo redactor e remitir ao Conselleiro da Xunta de Galicia competente en materia de urbanismo o expediente completo do proxecto aos efectos previstos do artigo 85 da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

Acordo

A Xunta de Goberno presta conformidade á proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás trece horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

me.